

PREGUNTAS FRECUENTES

CURSO PONTE AO GRAO EN TRABALLO SOCIAL

1.- Cando, ónde e cómo teño que facer a preinscrición e a matrícula para o curso ponte ao Grao en Traballo Social?

Ao ter prazas limitadas, e preciso realizar unha preinscrición. A Universidade de Santiago (USC) é a responsable deste proceso e por tanto a que fixa o prazo para a súa realización que habitualmente é no **mes de xullo**. A solicitude de praza para o Curso Ponte realízase en liña a través da páxina web da Universidade. No momento en que se abra a convocatoria para o vindeiro curso a EUTS porá a disposición do futuro alumnado o enlace desde a páxina web propia á páxina da USC para a realización da inscrición. A EUTS é allea ao proceso de selección do alumnado

Unha vez admitido/a, o alumno/a é convocado a matrícula nos prazos marcados pola USC. Farase en liña na páxina da USC. Posteriormente deberá formalizar a súa inscrición na EUTS en un prazo non superior a sete días desde a realización da matrícula na USC, remitindo a EUTS a documentación propia que poderá descargar na páxina web propia www.euts.es no apartado descarga de impresos. A entrega da documentación da EUTS poderá facerse tanto presencialmente na sede do Centro, como enviando a mesma por correo electrónico ou postal.

2.- Cal é o horario de clases do curso ponte?

O alumnado matriculado no curso ponte incorpórase ás clases no horario que corresponda ás asignaturas no plano de estudos do grao (por exemplo, a asignatura *“Teorías e Modelos de Intervención en Traballo Social”* impártese no primeiro cuatrimestre de segundo curso).

3.- É obrigatoria a asistencia ás clases?

A asistencia ás clases nas titulacións de Grao é obrigatoria pero a normativa, tanto da USC como da EUTS, prevé e contempla que o alumnado que se atopa en determinadas circunstancias (contrato de traballo, circunstancias especiais sobrevidas, etc...), non poida asistir as mesmas. Nestes casos o/a alumno/a solicitará a **DISPENSA DA ASISTENCIA** das materias nas que estea matriculado/a ao comenzó de cada cuatrimestre.

4.- Que é a dispensa de asistencia?

A USC recolle na normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, a posibilidade de conceder a dispensa de asistencia a clase para casos específicos, entre eles, motivos laborais ou circunstancias excepcionais sobrevidas. No caso da EUTS, as solicitudes serán dirixidas, valoradas e resoltas pola Comisión de Título de Grao e presentaranse na instancia oficial que se pode descargar no apartado descarga de impresos da páxina web propia, adxuntando a documentación que acredite os motivos alegados na solicitude. As guías docentes das asignaturas recollen o sistema de avaliación e traballo a seguir en cada caso.

PREGUNTAS FRECUENTES

CURSO PONTE AO GRAO EN TRABALLO SOCIAL

5.- Cando, ónde e cómo podo solicitar a convalidación de créditos?

As asignaturas que conforman o Curso Ponte, agás *Traballo Fin de Grao* e *Xestión de Organizacións*, son susceptibles de ser convalidadas. A experiencia profesional, o ter sido titor/a de alumnado deste Centro (non computa a titorización de alumnado doutros centros), ou ter superados estudos oficiais con contidos similares as materias a cursar, é motivo de convalidación.

As solicitudes poden presentarse en calquera momento, sempre e cando o/a alumno/a estea **MATRICULADO/A OFICIALMENTE NA USC E NA EUTS**. Deberán entregarse, xunto coa documentación que acredite os méritos alegados, na Unidade de Xestión Académica do Campus Norte (UXA-Norte), no Burgo das Nacións, s/n.

Unha vez que a USC lle comunique oficialmente a convalidación das materias solicitadas, o/a alumno/a deberá entregar copia da mesma na Secretaría da EUTS.

6.- Si me convalidan asignaturas, cómo repercute nos prezos do curso na Escola?

No caso de convalidación de materias, e unha vez entregada copia da comunicación oficial da USC na Secretaría da EUTS, o/a alumno/a deberá aboar na Escola, o 25% do importe da aportación inicial de cada asignatura convalidada. Desde Secretaría realizarase o cálculo do importe do curso en función das materias que lle resten e as convalidacións concedidas e se lle enviará a información persoalmente ao alumno/a por correo electrónico.

7.- Teño que acreditar un nivel B1 en outro idioma?

Non. A USC eliminou este requisito, por tanto no momento que o alumnado supere os créditos asignados ao curso ponte, pode facer o depósito do título na UXA norte.

8.- Podo solicitar o título tendo superado o curso ponte en anos anteriores, sin ter o nivel B1?

Si, pode solicitar o título sen necesidade de acreditar o B1